

BLOQUE 5: A ÉPOCA DA RESTAURACIÓN

TEMA 22 - A EVOLUCIÓN SOCIAL NO S. XIX (a situación da muller)

INTRODUCCIÓN:

- O establecemento do réxime liberal en España a partir do reinado de Isabel II (1833-1868) > fin do Antigo Réxime e FIN DAS ESTRUTURAS DO ANTIGO RÉXIME:
 - Paso dunha SOCIEDADE ESTAMENTAL a unha SOCIEDADE DE CLASES, baseada na riqueza.
 - A BURGUESÍA será a nova clase dominante, grupo social que imporá o liberalismo como novo sistema.
- Transformacións lentas debido á evolución política convulsa do s. XIX español (cambios de goberno, pronunciamentos, guerras carlistas...) e o freo dos cambios sociais por partes das clases dominantes.

1) POBOACIÓN:

- A nivel demográfico: RÉXIME DEMOGRÁFICO ANTIGO:
 - ALTAS TAXAS DE NATALIDADE E MORTALIDADE (episodios de malas colleitas, guerras, epidemias...).
 - CRECEMENTO LENTO DA POBOACIÓN
 - Finais do XIX: inicio do cambio cara un Réxime demográfico de Transición (descenso da mortalidade).
- A INDUSTRIALIZACIÓN dará lugar a un CRECEMENTO URBANO, fundamentalmente Madrid e Barcelona.
 - Destaca a transformación urbanística de Barcelona a partir do s. XIX, co ensanche de Cerdá.
 - Inicio do ÉXODO RURAL típico das sociedades industrializadas.

2) SOCIEDADE:

- Debido á lenta industrialización España segue a ser unha SOCIEDADE eminentemente RURAL, en torno a un 60% de campesiñado a finais de século.
- A pesar da desaparición da sociedade estamental, as CLASES DIRIXENTES continuarán a ser a NOBREZA e o CLERO, aos que se unirá a ALTA BURGUESÍA. Todos eles serán os que ostenten os cargos políticos e militares da época.
- Sociedade máis aberta e flexible, con maior mobilidade entre as clases; a carreira militar, os negocios e o matrimonio foron a vía de ascenso social para unha minoría.

2.1. NOBREZA:

- Co réxime liberal a nobreza perde gran parte dos seus privilexios (fiscais e xudiciais), pero segue a manter o seu prestixio social e manterá as súas terras.
- Ante a falta de recursos económicos entroncaranse coa burguesía a través dos matrimonios.
- O proceso desamortizador non lle será especialmente daniño, xa que non foron o obxectivo de ningunha das desamortizacións feitas polos gobernos liberais progresistas.

2.2. CLERO:

- Sofre máis consecuencias: forte impacto das desamortizacións, perdendo patrimonio e privilexios.
- Apoia posturas conservadoras como o Carlismo.
- Nos gobernos do liberalismo conservador durante o Reinado de Isabel II conseguen manter parte da súa influencia > no Concordato de 1851 consegue o monopolio do ensino, máis unha forte financiación por parte do Estado.
- Durante o Sexenio Revolucionario, o carácter aconfesional do mesmo suporía un duro golpe para a Igrexa, de aí o seu apoio á Restauración Borbónica.
- Aínda así, a Igrexa continuará tendo unha forte influencia na sociedade española.

2.3. BURGUESÍA:

- En España non é moi numerosa. Formada por comerciantes, financeiros, industriais, profesionais liberais e clases propietarias en xeral.
- É a clase protagonista da revolución liberal.
- Caracterizados por non ter un espírito moi emprendedor, e buscar asemellarse á nobreza, mercando terras grazas ao proceso desamortizador, e adquirindo títulos nobiliarios a través do casamento ou influencia política. Polo contrario, destacan a burguesía industrial catalá e vasca, de grande influencia no desenvolvemento económico.
- A pequena burguesía (avogados, mestres, médicos, funcionarios...) serán tamén minoritarios, formando parte da recente clase media. O seu nivel de vida depende das condicións económicas do país.

2.4. CLASES TRABALLADORAS:

- No baixo da escala social están os pequenos propietarios agrícolas, o servizo doméstico, os xornaleiros, tendeiros, e pequenos artesáns, entre outros.
- A situación no campo continuará a ser moi precaria, nalgúns casos con campesiños máis empobrecidos debido ás consecuencias das desamortizacións: perda de gran parte das terras comunais e aumento dos alugueres por parte dos novos propietarios das terras. Para moitos a solución pasa por mudarse ás cidades en busca de traballo na nova industria.

- Coa crecente industrialización nace o PROLETARIADO, obreiros e obreiras das fábricas e minas, que sofre longas xornadas de traballo, baixos salarios e pésimas condicións de vida o que xerará a aparición do movemento obreiro.
- No último lugar atópanse as clases marxinais (mendigos e prostitución, maioritariamente).

3) **A SITUACIÓN DA MULLER NO S. XIX**

- Apenas sen transformacións significativas desde a Idade Moderna. O establecemento do réxime liberal en España non modifica o seu **status xurídico de menor de idade**, sometida á autoridade do home (pai, marido), sen dereito á participación na vida política.
- Nas clases altas o seu destino era o matrimonio e o coidado dos fillos e fillas.
- Na industria sufrían unha forte discriminación laboral: soldos moito máis baixos (entre un 30 e 60% menos) con xornadas iguais ou máis longas que os homes.
- No resto dos oficios a súa incorporación foi moi lenta, e sempre dentro do ámbito considerado “feminino” (mestras, oficina, enfermeiras).
- O acceso á educación era moi limitado: case nulo nas clases populares e residual nas clases altas. A principios do s. XX en torno ao 70% das mulleres era analfabeta fronte ao 50% dos homes.
 - O acceso ás mulleres á Universidade non estivo legalizado ata 1910.
- O movemento sufraxista en España non tivo a importancia que terá noutros países durante o século XIX. Sempre estivo máis centrado en reivindicacións de tipo social, como o dereito á educación ou ao traballo, que en demandas de igualdade política. Nunca adoptou a acción directa violenta como estratexia de combate nin alcanzou un grado destacado de militancia.
- O feminismo español terá a súa orixe vinculado ao KRAUSISMO (movemento filosófico que defendía a rexeneración moral a través da educación) e con el á INSTITUCIÓN LIBRE DE ENSINANZA. Esta fomentaba un cambio no modo de impartir os coñecementos e avogaba pola expansión do ensino entre ás mulleres. En este entorno créase a **ASOCIACIÓN PARA A ENSINANZA DA MULLER** en 1870, durante o Sexenio Revolucionario: institución creada para fomentar o acceso á educación entre as mulleres de clase media, con formación académica e laboral.
- Neste século destacan a labor de **EMILIA PARDO BAZÁN** e **CONCEPCIÓN ARENAL**, ambas escribindo textos en prol dos dereitos femininos, consideradas precursoras do feminismo español:
 - Concepción Arenal escribiu gran cantidade de obras a través das que criticou a sociedade daquela época e o rol que se lle outorgaba á muller de nai e esposa coas súas conseguíntes dificultades para acceder aos estudos.
 - Emilia Pardo Bazán denunciou e criticou a desigualdade educativa vixente entre homes e mulleres, e o sexismo nos círculos intelectuais. Fundou e dirixiu a publicación A Biblioteca da Muller, e aínda que foi rexeitada tres veces para formar

parte da Real Academia Española da Lingua, si logrou ser a primeira muller que ocupaba unha cátedra de literatura neolatina en Universidade Central de Madrid.

- A **SOCIEDADE AUTÓNOMA DE MULLERES DE BARCELONA** en 1891, é unha das primeiras asociacións feministas do noso país. Fundada por **TERESA CLARAMUNT**, de ideoloxía anarquista, e **ÁNGELES LÓPEZ DE AYALA**, entre outras. Defendían a igualdade xurídica, educativa e salarial das mulleres.
- Non será ata inicios do s. XX cando se cree a primeira asociación oficialmente sufraxista no noso país, **ASOCIACIÓN NACIONAL DE MULLERES ESPAÑOLAS (ANME)**, loitando polo dereito ao voto feminino en España.

Ata a chegada da II República a muller non conseguirá a verdadeira igualdade política e lexislativa con respecto ao home. Pero a chegada do Franquismo borrará todo o progreso logrado durante ese período.